



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 808/2015.

Vista a solicitude presentada no rexistro municipal o 20 de novembro de 2015 por catro membros da Corporación Municipal para realizar unha sesión extraordinaria do Pleno e a posterior subsanación desta solicitude presentada o 4 de decembro de 2015 asinada por cinco Concelleiros, e

Considerando o disposto nos artigos 21.1.c) e 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria do **PLENO** da Corporación Municipal de Padrón que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o vindeiro día **9 de decembro de 2015 (mércores) ás 13:30 horas**, coa seguinte orde do día:

1.- Informe, polo alcalde, das xestións realizadas para o cambio de titularidade da citada estrada.

2.- Informe, polo alcalde, dos beneficios que o cambio de titularidade terá para os veciños e concello de Padrón, segundo o seu criterio.

3.- Non formalizar a entrega do vial, firma da correspondente entrega, ata ser aprobada polo pleno.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as Concelleiras e todos os Concelleiros, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 4 de decembro de 2015

) Alcalde



Il. Sr. Antonio Fernández Angueira

Ante min

A Secretaria



Aos. Aña María Ares Álvarez